

REHABILITACIÓN URBANA E CALIDADE DE VIDA

Convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda e a Asociación Cultural D'5 Creación Contemporánea.

A rehabilitación urbana das cidades históricas, ademais dun proxecto físico de recuperación da paisaxe urbana, constituída por arquitecturas e espazos de uso público, debe xirar en torno a súa posterior revitalización económica, social e cultural; nembargantes, o modelo de política cultural tradicional céntrase, no mellor dos casos, na simple preservación e conservación física do patrimonio cultural, perdendo a oportunidade da rentabilización desta fundamental fonte de riqueza e de afondar na nosa identidade. Por outra banda, a transformación das cidades históricas -con gran calidade urbanística, cultural e social- en auténticos parques temáticos ou a terciarización da meirande parte do caserío -posto ó servizo dun turismo cada vez mais masificado e banal- poñen en cuestión os modos e maneiras de actuación ó tempo que provocan a búsqueda de novos plantexamentos de uso destas emblemáticas áreas do territorio urbano.

En primer lugar, e dado que, neste o seu primeiro ano de andadura, a Asociación Cultural D'5 Creación Contemporánea parta coa recuperación para uso cultural-público dun espazo industrial, de propiedade privada, abandonado... pero, sobre todo, ata ese momento pechado para o disfrute dos cidadáns. Como un dos obxectivos deste convenio plantéxase a **celebración de cursos** que teñan como tema principal fomentar o coñecemento das novas tendencias en Rehabilitación Urbana, a mellora da calidade de vida e dinamización dos centros históricos así como a súa irradiación ó resto da cidade ou plantexamentos mais concretos centrados na revitalización urbana mediante propostas de usos culturais. Estas actividades, tratadas dun xeito global ou puntual, serán formalizadas en cursos, seminarios ou conferencias e teñen como destinatarios naturais grupos de alumnos especializados; aínda que, co obxeto de lograr unha expansión diversificada baseada no pluralismo social, tamén diséñanse programas específicos que faciliten a posibilidade de acceso directo e activo na vida cultural á cidadanía en xeral.

O aproveitamento dos edificios industriais ratifica a emerxencia dunha cidade posindustrial na que a cultura constitúese como un dos eidos en torno os que ésta renova contidos, servindo tamén de estímulo económico e social. Exemplos como Arteleku en San Sebastián (antiga fábrica rehabilitada para albergar talleres de artista, sala de exposicións, centro de documentación e seminarios internacionais), Transforma en Vitoria e Consonni en Bilbao son boa proba delo, casos aillados os que se incorpora esta iniciativa dende Galicia.